



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 10/2016

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

En Ordes, a vinte e sete de setembro de dous mil dezaseis.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA M<sup>a</sup> SONEIRA LIÑARES
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- SILVIA MARÍN PEREIRO
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- VERÓNICA GÓMEZ FUENTES

Non asiste

- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

#### **PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 31/08/2016.**

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria de data 31/08/2016, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

A acta da sesión ordinaria, de data 31 de agosto de 2.016, resultou aprobada, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación.

### **PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA.**

Polo Sr. Alcalde dáse conta das actuacións seguintes:

Procedeuse a amortización de 152.000,00 euros de débeda, co cal xa se amortizou a totalidade da débeda correspondente ao préstamo da Casa Consistorial, por importe de 98.000,00 euros, e o resto para a amortización do préstamo do plan de pago a provedores.

Os Srs. Conselleiros danse por decatados.

### **PUNTO TERCEIRO: APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO MUNICIPAL NO NÚCLEO DE REBOREDO.**

Expediente de aprobación inicial da modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento municipal no núcleo de Reboredo.

Vista a Resolución, de data 11/07/2016, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental pola que se formula o informe ambiental estratéxico (art. 60.5 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro), expdte. 2016AAE1875.

Visto o informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade da modificación coa lexislación vixente.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.

Visto o disposto no art. 60.6 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que van a votar a favor deste punto, tendo en conta como nos últimos plenos nos que se trouxo algún tema destas características de modificacións puntuais das normas subsidiarias, sempre que sexa xustificado contará co seu apoio. Sobre todo para subsanar eses erros dos que sempre faláron que se teñen producido pola premura na aprobación do plan xeral. Tamén tendo en conta o informe favorable do Secretario municipal no que se indica que o vial atravesará unha propiedade privada, non mellora a accesibilidade e que desvirtúa a morfoloxía do núcleo.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se trata da modificación puntual das NSP para a eliminación dun vial previsto nelas no núcleo de Reboredo que atravesaba unha finca privada. A xustificación que se dá para esta modificación está baseada no interese público. Ven esta xustificación un pouco escasa. O interese público produciríase se eliminado este vial, contra o vial existente na zona norte, no que se produce un pescozo de botella, se cedese algunha franxa de terreo para unha futura ampliación dese vial, favorecendo a circulación do mesmo. O propietario dos terreos está interesado en manter unha vivenda que está a silva e bastante abandonada. Coa súa proposta esa vivenda non se vería afectada por que a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, prevé que as edificacións que sexan anteriores ao ano 1975, con independencia do seu recuado a vías públicas, so teñen que cumprir a altura máxima, poden rehabilitarse, mesmo ampliarse un cincuenta por cento da súa superficie. Con este cambio o propietario podería rehabilitar esa vivenda, pese ao recuado, que sería efectivo se demolese a vivenda e decidise facer unha nova. Non consideran lóxico que se plantexe deste xeito, debería plantexarse cunha cesión de terreo na zona norte para ampliar ese vial. Temos que mudar a forma de pensar, hai que deixar de ter viais estreitos, estamos vendo os problemas que hai de estacionamento no casco urbano por vías estreitas. Habería que volver a iniciar o expediente de tramitación. Non teñen culpa de que haxa que empezar de novo. Esta modificación presentouse sen consultar aos demais grupos da oposición. Puido facerse unha reunión previa para ver o parecer de todos. O seu voto non vai a ser favorable. Van a votar en contra, non por que estean en contra da supresión do vial, senón pola forma que se fai, sen unha cesión no vial norte.

Intervén o Sr. González Santos, en representación do grupo político UxO, que sinala que están de acordo. Fai corenta anos había unha cancela por un lado e por outro. Nunca se abriu ese camiño público.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vai a matizar as referencias a aprobación inicial do PXOM. Este expediente non ten nada que ver coa aprobación do PXOM. Está é unha modificación das NSP, non pode traerse a colación aquí os erros no PXOM. É certo que o que sinala o voceiro do BNG se podía ter matizado dunha mellor maneira, pero tamén é certo que aliñacións que contemplan as NSP xa obrigan a facer alí unha importante cesión. O BNG esta no seu dereito a votar en contra por non ter coñecido este expediente con anterioridade.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría absoluta de trece votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), cos votos en contra (3 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º. Aprobar inicialmente a modificación puntual das Normas Subsidiarias de planeamento municipal no núcleo de Reboredo, Ordes.

2º. Someter o expediente a información pública durante dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.

3º.- Suspender as licenzas naqueles ámbitos do territorio cuxas novas determinacións supoñan modificación da ordenación urbanística vixente (finca catastral 8804401NH4780N0001JG).



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

O prazo de exposición pública do expediente iniciarase o día seguinte ao de publicación deste anuncio no DOG.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais, para que se formulen as alegacións que se consideren pertinentes.

#### **PUNTO CUARTO: APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 1CE/2016.**

Expediente de modificación de créditos, crédito extraordinario 1CE/2016.

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Facendae informe de intervención.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que lle gustaría que se puidese votar este expediente en dous puntos, por un lado o crédito para as obras e por outro lado o crédito para o posterior recoñecemento extraxudicial de créditos. En cuanto ás obras considera que van a ser beneficiosas para os veciños de Ordes. En canto ao crédito para o financiamento dun recoñecemento extraxudicial de créditos para gastos de exercicios anteriores van a votar a favor, polos seguintes motivos. Corresponde a facturas que foron presentadas en xullo de 2015, pero que foron rexeitadas por non estar acreditado que estas obras estaban realizadas, a providencia da alcaldía agora di que si existe esa xustificación. Se tivésemos que votar as obras realizadas ou a súa contía o seu voto sería outro. Do que se trata é de dotar de crédito para pagar as facturas que se lle deben a estas empresas. Considera que administración debe apoiar ás empresas, sobre todo se están en risco postos de traballo. Un mal proceder da administración non pode por en risco a viabilidade das empresas. Van a votar a favor para que estas empresas cobren, se fixeron o seu traballo é de xustiza que podan cobrar para que non haxa risco de perda de postos de traballo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se trata de dotar crédito para a realización de tres obras. Beirarrúas na rúa do parque, están de acordo con esta proposta por que nunha moción que presentaron para reorganizar a zona dos parques municipais un dos puntos era este, por a rúa que sobe polo parque de sentido único, anchar as beirarrúas para cumprir coa normativa de accesibilidade e humanizar esa zona. As beirarrúas na Salgueira do medio para continuar coas obras que se fixeron na lexislatura pasada nas beirarrúas da Salgueira de arriba. Tamén creen moi necesaria a humanización da rúa Alfonso Senra. Sucede que neste expediente de modificación de créditos se nos quer colar un posterior pago de facturas pendentes. As empresas non teñen culpa, fixeron o traballo que se lles encargou. O problema está en que non se cumpriu o procedemento de contratación destas obras. É algo que o interventor manifesta continuamente no informe da conta xeral. Trátase de facturas de gastos que non foron fiscalizados, coñecendo a súa existencia coa recepción das facturas, omitíndose trámites esenciais, non se acompañan certificacións de obras. Por este motivo elles complicado votar favorablemente. Non se cumpriu a lexislación en materia de contratación, independentemente de que exista un técnico externo que diga que estas obras foron executadas. O Concello ten os seus técnicos que deben verificar o cumprimento destas obras e non enterarse



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

ao final coa presentación dunha factura no rexistro. Van absterse neste punto, están a favor das obras, non van a votar en contra.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que van a votar a favor deste punto, por que están a favor de que se realicen obras en calquera punto do municipio e de que se realice o pago ás empresas de Ordes.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría absoluta de trece votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), coas abstencións (3 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar provisionalmente o expediente de modificación de créditos, crédito extraordinario ICE/2016, do orzamento municipal 2.016, de acordo co seguinte detalle:

| ORZAMENTO DE GASTOS |   |                                |                        |                     |
|---------------------|---|--------------------------------|------------------------|---------------------|
| Partida de gasto    | Descrición  | Créditos antes da modificación | Crédito extraordinario | Créditos finais     |
| 1532.609.00         | Pavimentación de vías públicas. Outros investimentos e n infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.              | 21.291,70                      | 132.013,49             | 153.305,19          |
| 1532.619.00         | Pavimentación de vías públicas. Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral. | 1.147.718,54                   | 202.957,56             | 1.350.676,10        |
| 160.623.00          | Sumidoiros. Maquinaria, instalacións técnicas e apeiros.  | 162.975,53                     | 31.397,96              | 194.373,49          |
| 342.622.00          | Instalacións deportivas. Edificios e outras construcións.   | 274.448,50                     | 2.450,25               | 276.898,75          |
| 342.623.00          | Instalacións deportivas. Maquinaria, instalacións técnicas e apeiros.   | 29.607,19                      | 6.475,00               | 36.082,19           |
| 342.629.00          | Instalacións deportivas. Outros investimentos asociados ao funcionamento operativo dos servizos.                      | 0,00                           | 1.815,00               | 1.815,00            |
|                     | <b>TOTAIS</b>   | <b>1.636.041,46</b>            | <b>377.109,26</b>      | <b>2.013.150,72</b> |

| ORZAMENTO DE INGRESOS |  |                                  |                   |                   |
|-----------------------|--|----------------------------------|-------------------|-------------------|
| Partida de ingresos   | Descrición                                 | Previsións antes da modificación | Financiamento     | Previsións finais |
| 870.00                | Remanente de tesourería para gastos xerais | 582.870,02                       | 377.109,26        | 959.979,28        |
|                       | <b>TOTAIS</b>                              | <b>582.870,02</b>                | <b>377.109,26</b> | <b>959.979,28</b> |



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

2.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

3.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da publicación do orzamento modificado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, segundo dispoñen os arts. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso procederáse de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

#### **PUNTO QUINTO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, BONIFICACIÓN COTA ICIO OBRAS DE CONSTRUCCIÓN/AMPLIACIÓN EXPLOTACIÓN AGROGANDEIRAS**

Expediente de bonificación cota ICIO, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación de explotacións agrogandeiras.

Visto o disposto no art. 5.1 (bonificacións) da Ordenanza fiscal nº 4, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (BOP nº 230, de data 13/12/13).

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Facenda.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (6 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), coa abstención do Sr. Rodríguez Méndez, sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

- Antonio del Río Gómez, con DNI nº 76312342K, solicitude de data 04/03/2016, de obras de ampliación de explotación agropecuaria existente: nave de polos de engorde (B), 140 m2, en Lg. Aldea de Abaixo, Pereira, Ordes.

#### **PUNTO SEXTO: INCORPORACIÓN, SE PROCEDE, AO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.**

Vista a Resolución de 4 de xullo d 2016, de constitución do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (DOG nº 131, de data 7 de xullo de 2016).

Vistos os Estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Visto o informe de Secretaría.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos do Pleno.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo para a incorporación ao Consorcio como paso previo para a sinatura do convenio para a execución das obras do centro sociocomunitario, que consideran importante para Ordes. O seu voto será favorable.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que primeiramente pregunta se unha vez integrados no Consorcio a decisión sobre a obra a realizar vai a tomala o pleno.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a proposta da obra xa esta feita, vostede xa a viu, non é necesaria a súa ratificación polo pleno.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que están de acordo con dispor en Ordes dun centro sociocomunitario, así como na integración no Consorcio. Pero non da forma que se nos propón. Estase a falar de acometer unha obra por importe de case seiscentos mil euros, dos cales trescentos mil os aportaría a Xunta de Galicia coa sinatura do convenio. O concello tería que por douscentos noventa e seis mil euro e dotar de mobiliario. En Ordes estamos cheos de edificios municipais que están escasamente aproveitados ou pechados directamente. O centro comarcal leva pechado dende o 2014 desde que reverteu ao Concello. O edificio da antiga Casa Consistorial esta sen rematar, as obras quedaron paralizadas. Dispón dun salón de plenos e dunha pranta semisoto que non se poden utilizar por non haber unha certificación de obra parcial. Se estivese rematado e dado de alta poderíamos estar celebrando alí o pleno, e este espazo cedelo para outros usos que se estimen convintes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está a falar dun edificio público polo que a certificación final de obras é garantía suficiente de que o edificio está útil e aproveitable. Non é necesario un control externo que diga que esa obra se pode utilizar. As certificacións de obra constan no concello, pode pasar a velas. A Deputación subvencionou a actuación na pranta primeira, asistiron ao acto de recepción das obras. O edificio non se usa por que hai outras cuestións, que hoxe non son para falar aquí, cando queira dálle traslado as mesmas. É un edificio sen utilizar sobre o que hai unha reclamación. Non vai a entrar nese debate.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que temos tamén a Casa da Cultura desaproveitada, precisa unha rehabilitación bastante importante. A pranta alta da praza da Abastos emprégase unha vez ao ano para facer unha feira de oportunidades. A pranta alta da nave do Mesón do Vento tamén está desaproveitada. A súa proposta é que o edificio da antiga Casa Consistorial sexa rehabilitado, facer diáfanas todas as prantas, modificar o seu uso e destinalo a centro sociocomunitario. Nese centro sociocomunitario que pretenden facer na entrada do Paseo Ramiro Recouso van unha parte dos servizos sociais. Ten máis sentido centralizalos nunha zona próxima á Casa Consistorial. Non dispersalos. Vai a facerse un edificio que incrementará os custes de mantemento. Non ten sentido. O que se debería facer é reorganizar os espazos existentes, coller as edificacións valeiras, sen utilizar, liberar o espazo existente na antiga Casa Consistorial e destinalo a estes usos. Están a favor da integración no Consorcio, pero no coa obra a realizar. Volven a facer obras faraónicas para que destaque o goberno municipal. O seu voto vai a ser en contra.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que están de acordo co neste punto. Asómbrralle o descoñecemento que o voceiro do BNG ten dos usos da pranta alta da nave do Mesón do Vento, na que se están a facer as actividades para as persoas con diversidade funcional. Foi adaptada na pasada lexislatura. Xa leva tempo facéndose alí as



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

actividades, non está desaproveitada. Nunha reunión coa primeira tenente de Alcalde xa se aclarou que existía esa certificación final de obra. Nos servizos sociais a veces trátanse temas que merecen dunha privacidade importante. Que para as persoas que son usuarias, polas súas circunstancias persoais, requiren certa intimidade, da que non se goza agora, por que comparten espazo con outros servizos. Está de acordo que os servizos sociais esteán nun único espazo, nun edificio multiusos no que vai haber unha pranta para as persoas maiores, con actividades, tamén outra pranta para os máis novos. Parécelle ben que a xente maior poida estar cos máis novos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o servizo de atención tempera ao aumentarse a partida da subvención xa esta noutro edificio aparte, en aluguer, cumprindo os requisitos esixidos pola Consellería de Política Social. O tema do Concello se quere o Sr. Vidal Ríos o falan un día con calma. Hai unha liquidación pendente, mentres non se analice a fondo non se vai a facer un uso continuado desta edificación. Hai unhas deficiencias pendentes de corrixir. Isto non se resolve nuns meses. Esa é a realidade deste edificio. O centro comarcal, hai unhas propostas que todos teñen, está nas aforas do pobo, espera que no ano que ven teñan esa primeira parte do viveiro de empresas. A Casa da Cultura está totalmente colapsada cun montón de actividade ao longo de todo o ano. Foi necesario facer unha segunda cociña na pranta segunda da praza de abastos para poder desbloquear parte das actividades que se facían alí. Na nave do Mesón do Vento fíxose alí o ano pasado o curso de atención a persoas con discapacidade, as outras aulas úsanse para os cursos de formación que se fan dende o noso departamento de emprego. Non pode dicir que haxa edificios sen uso. Se este edificio vai adiante fan a aforrar como mínimo mil catrocentos euros en alugueres mensuais. Vai a estar máis que garantido que con este aforro van a poder asumir os custes de mantemento.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que coa proposta que eles fan tamén se aforrarían eses alugueres ao reorientar o uso dese edificio da antiga Casa Consistorial, con todos os usos previstos neste centro sociocomunitario. Habería que centrarse en rehabilitar e adaptar eses edificios aos usos de hoxe.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que está de acordo co voceiro do BNG en que temos que intentar racionalizar e aproveitar na medida do posible os espazos públicos. Na comisión informativa do venres non puido ver o proxecto técnico, púxose a súa disposición o luns, por motivos laborais non o puido ver. Cree que sería positivo que dende todos os grupos se puidese dar a súa opinión sobre o que considerarían positivo que e incluíse alí.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que dende o martes pasado que se convocou a comisión informativa estaba a disposición na Secretaría toda a documentación para poder acceder a ela, fai máis dunha semana.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que na Comisión informativa preguntou polo proxecto e non estaba. Por motivos laborais non puido velo, por iso cree positivo que todos puidesen facer aportacións. Preguntou na Comisión que onde hai que preguntar. Está de acordo que haxa neste centro sociocomunitario un centro de xuventude, tamén un centro de día, que pedirán despois nunha moción. Cousas que sería moi positivo engadir nese centro.





## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que se alegra que o voceiro do BNG lle vexa unha utilización ao antigo edificio da Casa Consistorial para usos de servizos sociais, que como non está adaptado para o uso por discapacitados, habería que empregar para acceder ese mamotreto do que sempre falou que é o novo edificio da Casa Consistorial, que gracias ás pasarelas comunica con cada unha das prantas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que seguen a dicir que ese foi o maior error que se cometeu polo anterior goberno municipal. Agora hai que dotar dun uso racional a esas instalacións. Xa foi unha burrada que coa rehabilitación do edificio non se metese un ascensor dentro. Segue sendo un mamotreto ao que haberá que dar o mellor uso posible. En lugar de gastar douscentos noventa mil euros dos fondos municipais pódese rehabilitar e darlle un uso máis racional.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría absoluta de trece votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), cos votos en contra (3 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar a integración do Concello de Ordes no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a sinatura do correspondente convenio de integración.

2.- Aprobar os Estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (DOG nº 131, de data 7 de xullo de 2016).

3.- Designar como representante do Concello de Ordes nos órganos reitores do Consorcio a José Luís Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente.

4.- Facultar ao Sr. Alcalde- Presidente para a execución de cantos trámites sexan pertinentes para o bo fin deste acordo e, en particular, para a subscripción dos documentos pertinentes para a formalización e desenvolvemento a incorporación do Consorcio.

### **PUNTO SÉTIMO: INTEGRACIÓN, SE PROCEDE, NA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS.**

Vista a acta da reunión, de data 5 de xullo de 2016, dos Concellos polos que transcorre o Camiño Inglés.

Vista a proposta de Estatutos da Asociación de Concello do Camiño Inglés.

Visto o disposto no art. 135 da Lei 5/1997, de 22 de xullo e disposición adicional quinta Lei 7/1985, de 2 de abril.

Visto o informe de Secretaría.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos do Pleno.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que esta integración nesta Asociación é positiva sempre que sirva par por en valor o camiño inglés ao seu paso polo noso concello, para levar a cabo a sinalización dos núcleos principais do concello, Mesón do Vento, Ordes e Santa Cruz de Montaos, para fomentar a chegada de peregrinos a estes núcleos para dar un respiro á economía e o comercio. Aproveitar o paso co camiño para o desenvolvemento do pobo. Esta integración tamén pode ser positiva para solucionar mancomunadamente outros problemas como é a limpeza e mantemento do camiño, nunha moción o mes pasado diron conta do seu deplorable estado de conservación. Tamén para solucionar un problema que temos en Ordes que é o abandono de animais que provoca a saturación da canceira municipal. Sempre que a Asociación cumpra os seus obxectivos, a integración será positiva.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que están a favor das actuacións para mellorar o camiño inglés. Éntralles a dúbida da integración visto o informe do Secretario municipal, que di que a fórmula correcta non é unha asociación, senón que habería que facer unha Mancomunidade. Tamén o de Culleredo. O resto dos Secretarios non lle poñen esa pega. Supón que unha cuestión de interpretación xurídica. Xa existe unha asociación de concellos para este fin, pero tamén no camiño francés existe unha mancomunidade. A diferenza está en que unha mancomunidade ten que contar cun secretario e interventor, os fondos necesarios para o funcionamento unha parte deberían ir destinados ao pago deste persoal. Para favorecer a aprobación deste punto van a absterse, están de acordo co fin que se persegue con esta asociación. Ao non estar claro se a figura ten que ser unha asociación ou unha mancomunidade non poden votar a favor.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que o secretario na comisión informativa explicou a súa interpretación, entendía que o turismo e a protección do patrimonio son competencias municipais que deben exercerse a través dunha mancomunidade. Explicou que un dos motivos para a creación dunha asociación eran económicos. Unha asociación é máis beneficiosa ao prescindir de determinadas figuras legais que teñen unha aportación económica. Están de acordo nesta integración para un mantemento e potenciación do camiño conxunta.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría absoluta de trece votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), coas abstencións (3 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Integrarse na Asociación de Concellos do Camiño Inglés, aprobando os seus Estatutos, comprometéndose a cumprir os mesmos.

2.- Designar como representante do Concello de Ordes na Asociación de Concellos do Camiño Inglés a:

- Vogal titular: Ana María Soneira Liñares (concelleira).
- Vogal suplente: Susana García Gómez (concelleira).



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

3.- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Carral.

**PUNTO OITAVO: ADHESIÓN, SE PROCEDE, AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS.**

Visto o Convenio marco de colaboración asinado, o día 30/03/2016, entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a FEGAMP, co fin de dotar ao punto limpo de titularidade do Concello de Ordes do equipamento necesario.

Vistas as competencias das entidades locais en materia de xestión de residuos urbanos establecidos na Lei 22/2011, de 28 de xullo e Lei 10/2008, do 3 de novembro.

Vistas as obrigas que asumirán as entidades locais que se adhiran ao convenio.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría absoluta de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Adherirse ao Convenio marco de colaboración asinado o día 30/03/2016, entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a FEGAMP, co fin de dotar ao punto limpo de titularidade do Concello de Ordes do equipamento necesario, de entre o comprendido no obxecto do presente convenio, para a recollida e reclasificación de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE), aceptando expresamente todas as condicións establecidas no convenio.

**PUNTO NOVENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.**

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 26 de xullo de 2016, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decitado.

**PUNTO DÉCIMO: MOCIÓNS.**



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Solicita intervir a Sra. García Gómez, concelleira delegada de servizos sociais, que sinala que en relación coa moción que a continuación a Sra. Gómez Fuentes vai a expor para a creación dun centro de día público no noso municipio, solicítalle a súa retirada polos motivos seguintes. Non sabe se é coñecedora do sistema para a autonomía e atención da dependencia neste concello e na mancomunidade. Existen servizos e prestación para a autonomía e dependencia. Temos teleasistencia domiciliaria, axuda no fogar para as persoas de graos 1, 2 e 3, servizo de atención diurna e de noite, servizo de atención residencial e servizo de promoción da autonomía persoal. Nas prestacións temos a libranza vinculada ao servizo, a libranza para coidados no medio familiar e libranza para a asistencia persoal. A maiores temos horas libres de axuda no fogar que están subvencionadas pola Deputación. Cando hai un problema de dependencia e acode aos servizos sociais, esa persoa elixe que quere, que servizos quere para o seu caso concreto. Segundo o caso os servizos sociais o determinan. A maior parte dos usuarios escollen as horas libres de axuda no fogar. Vistas as listas de espera están a procurar aumentar as horas de dependencia. A xente que elixe libranza de coidador para servizo residencial ou de día é moi pouca. Hai un centro de día público en Cerceda que ten corenta prazas e so hai oito persoas da mancomunidade que asisten a este centro. Dálle así a razón ao voceiro do BNG ao feito de construír, construír e non aproveitar os investimentos que se realizan. Cando chegaron ao goberno tamén pensaron na construción dun centro de día, pero feito unha análise do que estaba a suceder detectaron que o que non había era un centro de día para persoas que fosen válidas, xubiladas ou non xubiladas, con servizos como de podoloxía, servizos para diabéticos, ...etc.. Aí poderán participar todos os grupos políticos aportando ideas, para que esta pranta vaia efectivamente adicada á xente maior. Os concelleiros que estiveron gobernando ata o de agora coñecen a situación real dos servizos sociais. Ao mellor dentro de dous o tres anos muda esta situación. Pero neste momento un oitenta por cento das familias de atención dependente están solicitando as horas, por isto é polo que temos que loitar, para que pola Consellería de Política Social se amplien as horas para poder satisfacer todos os graos. Neste momento o grao tres está totalmente cuberto. Temos lista de espera nos graos dous e un. Por todo elo, pídelles que retire a moción.

Seguidamente intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que agradece a explicación, pero iso no é incompatible coa solicitude dun centro de día, o centro de día que temos no concello ten unha elevada demanda, gustaríalle tamén coñecer a opinión dos demais compañeiros e da Corporación. Non pide un centro de día dunhas dimensións específicas, máis grande ou máis pequeno. Que unha parte dese centro sociocomunitario se adique a centro de día, despois verase a demanda. É polo que solicita que se lle permita debater a moción.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non van a apoiar a moción. Tamén acaba de dicir algo que no é para nada certo. O centro de día privado ten espazo e horas libres para que poida ir xente por alí. O director do centro así llo transmitiu, teñen unha colaboración cos servizos sociais da mancomunidade coas horas de libranza. Non hai para nada a demanda, nin a saturación da que falou a Sra. Gómez Fuentes. O problema é que non hai demanda. A día de hoxe incluso teñen un pequeno problema, teñen un investimento importante feito nese local e non están tendo os usuarios que esperaban, gracias aos servizos que se lle facilitan dende a mancomunidade. A min abríronme os ollos eles, nos levábase no noso programa electoral un centro de día. Chamáronme durante a campaña electora e me dixeron cal era a realidade dun centro de día en Ordes.

Intervén a a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que debido a que cada vez hai un maior envellecemento da poboación, considera que é positivo debater esta moción, non están pedindo que sexa inmediato, se a situación muda nun curto prazo que se leve adiante. Considera que sería positivo non deixala enriba da mesa. Quere coñecer tamén a opinión dos compañeiros. Formula así a moción que se transcribe a continuación:

“Nos últimos anos asistimos a un crecente envellecemento da poboación nos países desenvolvidos, fenómeno demográfico ó que a nosa Comunidade e o noso Concello non son alleos.

Concretamente en Galicia, no ano 2015, do total da poboación, 2.732.347 habitantes, os maiores de 64 anos supoñían 655.907 habitantes, o que significa un 24,01% da poboación.

No noso Concello, do total de poboación, 12.776 habitantes, os maiores de 64 anos representaban un 22,46% da poboación (2.869 habitantes).

Este envellecemento da poboación é dun xeito moi especial o aumento da franxa de idade de maiores de 80 anos conleva repercusións de diversa índole.

A realidade do noso pobo sinala que o coidado das persoas maiores dependentes provén fundamentalmente da rede informal, onde a familia desempeña un papel primordial e onde, na meirande parte dos casos, o coidado dos maiores recae nas mulleres.

O que solicitamos dende a Agrupación Socialista de Ordes é un Centro de Día público para o noso municipio, dada a elevada demanda destes servizos. Este Centro de Día estaría dirixido a persoas maiores en situación de dependencia- física e/ou psíquica - e ofrecería un apoio social suficiente para permitir a súa permanencia mo medio habitual, o mesmo tempo que proporcionaría o apoio e a atención que precisan os seus usuarios, ó actuar como centro xerontolóxico e socioterapéutico, cubrindo as necesidades básicas, terapéuticas e sociais das persoas maiores dependentes.

O mesmo tempo, dende a Agrupación Socialista de Ordes consideramos prioritario este Centro de Día municipal para o noso Concello tamén para a mellorar a calidade de vida do núcleo familiar onde convive a persoa maior dependente, permitindo así ós seus coidadores e coidadoras ter un respiro familiar polo menos unhas horas ó día, mellorando deste xeito a súa calidade de vida, e facilitando a conciliación familiar, xa que son numerosos os fogares nos que



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

algún dos seus membros ten que deixar o seu emprego para coidar os maiores dependentes o seu cargo.

Polo que, en Condición de Voceira Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á Consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución:

Solicitar á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia un Centro de Día público para o noso municipio”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o centro de día é algo que levaban no programa electoral. Que creen necesario para o concello de Ordes, cabeceira de comarca. Hai moita xente que vive soa. Hai xente que ao ir a traballar ten que deixar ao patrón ou patroa en casa, no centro de día vai a ter a seguridade de que vai a estar atendido, cando volve do traballo á noite o pode recoller sabendo que estivo ben atendido. Están de acordo coa moción do PSOE, presentan unha emenda ao acordo que é que non se trata so dunha solicitude dun centro de día á Xunta de Galicia, senón que para que esta costee esa infraestrutura haberá que cederlle un terreo. Para eles si que tiña sentido que esa parcela onde se acordou a construción do centro sociocomunitario fose a que se cedese para a construción alí do centro de día. Como vantaxe tería alí ao carón o PAC para calquera urxencia que puidese acontecer. Dado que esa parcela xa vai a estar destinada a ese uso, o que propoñen é que se ceda á Xunta de Galicia a outra parcela que queda por ocupar do concello que é a que está no Paraíso, na que se pretendía construír o Cuartel da Garda Civil. Así propoñen que o Concello de Ordes inicie negociacións coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia para a construción dun centro de día público no noso municipio. Os terreos precisos para a construción desta instalación que o concello de Ordes ofertará para a súa cesión á Xunta de Galicia é a parcela con referencia catastral 8792169NH4689S0000IO, no Paraíso, ao carón do pavillón Castela II. Solicita do PSOE que acepte a emenda por ser máis lóxico dicirlle xa que parcela se cedería á Xunta de Galicia.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que aquí se deron datos dos que nos xa eramos coñecedores cando estabamos no goberno. Efectivamente o centro de día que hai en Cerceda sempre tivo prazas libres. Durante a última lexislatura votouse a andar o centro de día de Ordes, tivo apuros para poder arrancar, á xente maior gústalle estar na súa casa, prefire esas horas e non desprazarse a un centro e votar alí o día. Prefire estar na súa casa, que é a referencia, cos seus, e que alguén lle axude á persoa que o coida. Por aí é por onde tiñamos que loitar todos, para que a lei da dependencia vote a andar dunha maneira máis específica, para que haxa máis horas para que a xente poida ser atendida no seu fogar. Para que



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

o coidador poida ter un apoio económico, loxístico e sanitario, que lle impiden unha total e normal conciliación da vida familiar cando se teñen persoas maiores ao seu cargo. Recorda na primeira lexislatura ter unha reunión con Isabel Candocia para falar dos centros de día, facendo números non saían, era inviable. A veces é difícil. Hoxe aprobamos a adhesión ao Consorcio, se podemos dicir algo nesa pranta para maiores do centro sociocomunitario, que haxa actividades, unha atención específica e que esas actividades se poidan desenvolver en lugares con actividades para os máis novos, ao mellor podemos suplir ese gasto que suporía un edificio adicado exclusivamente a centro de día vendo que os datos din que non é viable. Pode ser por que este é un concello eminentemente rural e a xente está ben atendida na súa casa por que é onde os datos din que a xente é onde quere estar. Temos que loitar para que haxa máis atención no que é no domicilio da persoa dependente.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do grupo político PP, que sinala que a Sra. Gómez Fuentes fala de cubrir as necesidades básicas sociais e terapéuticas das persoas maiores. En certo modo esa é a pretensión do centro sociocomunitario na pranta adicada aos maiores. É certo que non é para dependentes. Aquí non hai usuarios para un centro de día, non é certo. Di que hai xente que lle gustaría deixar ao ser maior no centro de día cando vai a traballar. O pode facer en Ordes e o pode facer en Cerceda. Pero non o fan. Para iso esta a libranza do coidador. A Xunta de Galicia subvenciona que o deixen pola mañá e o recollan pola noite. Cerceda público e aquí concertado, si que o poden facer. Non o fan por que prefiren que se lles concedan horas para atención dentro do fogar. Por esta razón non van a votar a favor da moción.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que non ve ningún problema en aceptar a emenda do BNG. Se como di a voceira de Uxo nese centro sociocomunitario se pode adicar unha parte a esta actividade aforraríase a construción dun novo edificio. Non está en contra da emenda, pero si que habería un dobre investimento.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do grupo político PP, que sinala o mellor sería aparcar este tema, e unha vez aprobado o centro sociocomunitario ver que se pode facer nesa pranta. Esta segura de que todas as actividades sociais, terapéuticas e básicas das que fala para unha persoa maior si se poden facer. Non está segura de que poida ser un centro de día que require uns servizos específicos que son os que piden a libranza para o centro de día público como concertado. O centro de día do centro sociocomunitario é para persoas válidas ou cun grao de dependencia baixo. Un grao de dependencia alto non o pode facer.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que é unha mágoa que neste proxecto non se engada isto. Cada vez vai haber persoas máis dependentes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que están a falar da construción dun edificio, en ningún momento se está a falar de cómo se vai a distribuír este edificio. Se pode ver a posteriori. A pranta primeira é para os maiores, 160 m<sup>2</sup>, libre de piares, escaleiras exteriores con elevador. O que se vai a facer no edificio dentro e o seu equipamento non está contemplado no proxecto inicial. Teremos tempo para dicir como se vai a dotar de equipamento cada unha das súas catro



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

prantas. Vamos a necesitar a axuda da Deputación, da Consellería de Política Social, de fondos propios. Agora o que se plantexa é a construción dun edificio polivalente, nunha das súas prantas van a facerse unha serie de actuacións para os nosos maiores. Non poden dicir que vai a ser un centro de día, non saben se a propia Consellería llo vai a admitir como centro de día. Pídelle que retire a moción tal é como a plantexa por que non consideran necesario facer outro edificio para un centro de día, e analicemos a posteriori os usos desa pranta primeira dese edificio sociocomunitario. Tome a decisión, senón votarán en contra.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que o que considera prioritario o Sr. Alcalde é o PSOE é diferente, así o manifestamos en múltiples ocasións. Para nos é fundamental o coidado dos nosos maiores e das persoas dependentes. Por tanto someterán a moción á votación do pleno aceptando as emendas do BNG xa que non poden garantir como vai a quedar distribuído ese proxecto. O consideran prioritario para un futuro, os servizos sociais son unha prioridade para nos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que nese edificio vai a ser complicado que exista un centro de día que require uns servizos específicos que en 160 m2 son escasos. Sería necesario un edificio adicado por enteiro a este servizo. É evidente que os patróns prefiren quedar na casa, se os traballadores tivesen soldos dignos ao mellor un dos cónxuxes podería quedar na casa para coidar estas persoas maiores. Este non é o caso os salarios son os que son. Esta instalación é necesaria, ao mellor hoxe non hai tanta demanda, a eles cónstalles que si a hai. Nun futuro a demanda irá aumentando. O centro de día non se constrúe nun día, serían necesarios varios anos.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que non poden estar de acordo coa moción. Están de acordo co sentido de que haxa unha atención para os maiores. Temos esas horas de libranza que poden ser atendidos no centro de día con prazas concertadas e temos as horas para ser atendidos nas casas, que é onde queren estar e necesitan deses coidadores. Non poden estar a favor dun centro de día que require servizos específicos que non van a poder desenvolverse nese centro sociocomunitario no que poden desenvolverse un tipo de actividades que poden facer cos maiores se relacionen cos iguais. E tamén porque no punto segundo da emenda se preve cesión dun terreo no que creen necesario que se constrúa o Cuartel da Garda Civil. Se votasen a favor desa emenda estarían en contra dese Cuartel da Garda Civil. Son familias que vivirían en Ordes, seguridade que nestes momentos hai unha carencia. Ter un Cuartel da Garda Civil polo que tanto loitamos sería un beneficio para todos os veciños. Si que están de acordo coa idea en si, pero non facer un edificio máis cando hai outros centros de día que non están a cubrir a súa demanda. Debemos loitar para que os maiores poidan envellecen nas súas casas dignamente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que en Frades mudou a idea de construír un centro de día despois duna reunión coa anterior conselleira e actual conselleiro de Política Social, a pesares de que xa tiñan cedido o terreo para iniciar a súa construción. Van tamén a tratar de facer un centro sociocomunitario co plantexamento que temos en Ordes cunhas dimensións máis reducidas para levar alí ás persoas que queiran ir. O Cuartel da Garda Civil o que se nos di é que non se vai a facer en Ordes de momento. A nosa proposta aí para ese terreo é un PAI, proposta que se trasladará ao Consorcio a posteriori. PAI por que está pegado ao centro educativo máis importante de Ordes e temos a día de hoxe na escola infantil municipal unha lista de agarda no horario de mañá de máis de corenta nenos. A intención é que para o período 2017-2018 a





## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

prioridade sexa o centro sociocomunitario, a continuación valorarase a posibilidade de facer un PAI na parcela do Paraíso.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de sete votos en contra (grupo político PP), catro votos a favor (3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE) e coas abstención (5 grupo político UxO), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político mixto-PSdeG-PSOE.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Nos últimos anos asistimos a un crecente envellecemento da poboación nos países desenvolvidos, fenómeno demográfico ó que a nosa Comunidade e o noso Concello non son alleos.

Concretamente en Galicia, no ano 2015, do total da poboación, 2.732.347 habitantes, os maiores de 64 anos supoñían 655.907 habitantes, o que significa un 24,01% da poboación.

No noso Concello, do total de poboación, 12.776 habitantes, os maiores de 64 anos representaban un 22,46% da poboación (2.869 habitantes)

No mes de xullo de 2016, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou unha iniciativa para instar á Xunta de Galicia a abordar, con carácter de urxencia todas aquelas accións que, prolongadas no tempo e dotadas economicamente nos orzamentos da Comunidade Autónoma, promovan, faciliten e incentiven a recuperación demográfica de Galicia. A iniciativa continúa unha batería de propostas encamiñadas a loitar e a tratar de solucionar o grave problema demográfico que padece a nosa Comunidade. Dita proposta foi debatida o 12 de xullo no Parlamento de Galicia.

Un dos problemas máis graves que pode ter un pobo que queira medrar e ter emprendemento é que a súa poboación se faga maior e a pouca xuventude que queda teña que marchar cara a emigración ou a outras poboacións limítrofes como está a acontecer no noso pobo.

Por iso, ante a falta de políticas continuadas no tempo, e dotadas de suficiente presuposto para paliar este grave problema por parte da Xunta de Galicia, consideramos preciso que tamén se realicen dende o Concello políticas para atraer xóvenes aproveitándonos da boa localización do noso municipio, entre dúas importantes cidades. Estas políticas estarían encamiñadas a procurar asentar poboación no noso Concello tendo como consecuencia positiva inmediata que non pechen comercios e se abran novos establecementos comerciais e novas empresas por parte dos emprendedores, fixando tamén poboación no rural que se faga cargo das explotacións gandeiras e con proxectos renovados para comercializar produtos agrarios.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

Polo que, en condición de Voceira Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo resolución:

Como Concello directamente afectado pola crise demográfica:

- Instar ó Concello de Ordes a que desenvolva políticas orientadas a atraer poboación xoven ó noso municipio.
- Instar á Xunta de Galicia a que, canto antes, comece a desenvolver un plan de recuperación demográfica continuado no tempo e dotado de presuposto suficiente para paliar o grave problema demográfico que temos no noso Concello”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que sinala que certamente temos un grave problema, Galicia queda sen xente, Ordes queda sen xente, e unha cousa moi importante e preocupante que é o noso rural que e un dos grandes motores económicos do noso país queda sen xente. Quedamos sen xente por un claro envellecemento da poboación máis tamén pola emigración masiva de mozos fora do noso país. Hai máis de cen mil mozos que colleron as maletas en busca dun futuro mellor, que esta Galicia gobernada polo PP non ofrece nada mellor. Para o BNG se á xente moza non se lle ofrece un traballo de calidade cunhas condicións dignas non vai a quedar aquí e ten que irse a fora a buscalo, moito menos poder pensar en ter familia, ter fillos, e polo tanto rachar con esta crise demográfica. Para nos hai un claro culpable que é o PP e as súas políticas de destrución de emprego.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que en Galicia temos un problema importante de envellecemento da poboación, o rural é o máis afectado, hai zonas que están totalmente despoboadas. Certo é que son necesarios servizos no rural para que a xente non teña que marchar. Non sabe de que maneira se pode solucionar. Isto é moi preocupante. Todo o que se invista a hora será un investimento a longo prazo. Hai que tomar medidas canto antes.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do grupo político PP, que sinala que esta moción é un brindis ao sol. Presentaron unha moción no Parlamento galego, estase a desenvolver unha lei de impulso demográfico baseada nun gran pacto político e social. Creouse un observatorio demográfico dirixido pola Fegamp. Gustaríalle que antes de solicitar acordos que estude os temas. O BNG non pode falar de que o goberno do PP na Xunta de Galicia nos levou á situación na que estamos. O goberno do PP da Xunta de Galicia dedica oito de cada dez euros a políticas sociais. Moito máis do que fan os gobernos socialistas en Andalucía ou Valencia. É certo que entres os anos 2009 e 2015 marcharon cento quince mil mozos, pero entraron cento vinte e catro mil mozos, o crecemento vexetativo de Galicia non é negativo, é



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

positivo. Galicia é a comunidade na que menos mozos emigran de toda España. O PP ten un programa de apoio á natalidade cun plan de axudas, a tarxeta benvida, a prestación de pago único para os menores de tres anos, a dedución na cota íntegra autonómica por cada nado ou adoptado, a exención do pago en escolas infantís para o segundo fillo, o bono concilia que está a solicitar a xente que non entrou na escola infantil municipal que subvenciona as garderías privadas, tamén existe o bono coidado con servizo de axuda no fogar infantil, as casas neno nas zonas rurais, as escolas infantís nos polígonos industriais, a mellora das infraestruturas de atención á infancia e o plan de apoio á natalidade servizos. A cantidade de millóns que adica o goberno do PP a política social pese a quen lle pese. Sorpréndelle que o primeiro acordo da moción sexa instar ao goberno de Ordes a que desenvolva políticas orientadas a atraer poboación xoven ao noso municipio cando a Sra. Gómez Fuentes non perde momento para criticar a aprobación do PXOM. Unha das razóns polas que se aprobou o PXOM foi para ter terreos nos que afincar empresas que traian xente a Ordes a traballar e a quedarse. Esa é a forma de apoiar que a taxa demográfica de Ordes aumente. Seguramente descoñece os nacementos e novos empadroamentos de Ordes. No que levamos de ano naceron setenta e dúas persoas en Ordes. O concello de Ordes esta a realizar medidas para atraer xente nova ao noso municipio. Non teñen competencias para realizar máis do que está a realizar a Xunta de Galicia coas medidas de impulso demográfico.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que non lle vai a permitir que diga que non se mira os temas antes de vir ao pleno. Ten todos os datos estadísticos. O que amosan os datos do IGE vese que hai un claro empeoramento demográfico no concello de Ordes. O total de poboación diminuíu nun 0,56 por cento, pero tamén a poboación dos nados diminuíu nun 0,76 por cento, e tamén a xente que ven de fora está a marchar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle vai a por deberes, traia o próximo día a comparativa coa media provincial, autonómica e nacional.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que tamén a ten, estamos un pouco mellor pero non moito mellor. Con iso que quere dicir, é unha cuestión para estar contentos estar un 0,2 por cento por riba da media. Os maiores de sesenta e catro anos non concello de Ordes representan o 22,46 por cento, en toda a provincia o 23,50 por cento, en toda a comunidade un 24,50 por cento. O único que pide na súa moción, aínda que xa sabe que todas as mocións do PSOE están sempre mal, que se executen políticas orientadas a atraer poboación xoven, como poden ser axudas de servizos sociais, folletos informativos sobre o concello. Non lle pide nada do outro mundo. A Sra. García Gómez fixo un relatorio de todas as medidas que esta a facer o PP en materia demográfica, a súa pregunta é se hai tantas medidas por que o problema demográfico en Galicia, en todos os concellos non se mellora senón que se está a incrementar exponencialmente. Somos unha das comunidades que en demografía estamos en peor situación. Non pide nada do outro mundo para que haxa que estar en contra das propostas do PSOE. Hoxe temos setenta e cinco mil afiliados menos á seguridade social e aínda así temos máis taxa de desemprego. Isto quere dicir que esta a marchar a xente xoven. Esta é unha realidade social que por desgracia estamos a vivir moitos. O que pide con esta moción é que se faga de Ordes un lugar atractivo para vivir. Sería positivo polo ben de todos os veciños. Hoxe as nove da noite



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

pasas por calquera das rúas e esta todo pechado sen xente cando hai outros municipios con menos poboación, temos o exemplo de Oroso, e son moito máis dinámicos por que teñen moita máis poboación nova. Non pide nada novo para ese ataque frontal. O despoboamento é claro nas parroquias, pecharon unitarias por que non se chegou ao número mínimo de nenos. Estanse a facer continuos recortes no rural que esta a quedar abandonado, despois temos problemas de incendios forestais, ...etc.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que lle di á compañeira do PP que viven en mundos distintos. Que lle diga que todo vai fenomenal, non. A maioría das súas amigas están fora, o seu pai está fora. Moita xente está fora e é por que aquí non temos oportunidades, non hai traballo, contratos precarios, con malas condicións. Isto é o que nos leva a ter que marchar, isto é o que fan as políticas do PP. Ordes perdeu un tren importante cando tivo a oportunidade de que moitas empresas se instalasen aquí. Ese tren o pillaron concellos limítrofes como Oroso no que se asentaron moitas empresas que dan traballo a moitas persoas da comarca. Neste pobo hai que apostar polo comercio local, polas pequenas e medianas empresas, polos sectores produtivos, pola xente emprendedora. Hai xente que esta en viveiros de empresas de outros concellos. Facer políticas para facilitar a conciliación familiar e laboral. O que queren é apostar polas persoas e polos seus dereitos e non quitarllos. A xente moza, inclúese nesta frase, queren traballar e non limosna.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que ese é o secreto, atraer empresas que xeren postos de traballo. Se hai empresas a xente non ten por que marchar. Deberíamos estar todos loitando para que non peche Viriato, para que non pechen as nosas empresas do téxtil, por que son as que dan postos de traballo. Atraer servizos para que a xente non teña que marchar, deixémonos de axudas. O que hai é que xerar postos de traballo.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do grupo político PP, que sinala que está de acordo coa representante do BNG en que perdemos un tren, que dende o goberno municipal se está a intentar recuperar, son conscientes diso. Unha das razóns pola que se intentou que o PXOM se aprobase foi por iso. Dende a concellería delegada de emprego se fixeron xornadas de cooperativismo, xornadas de emprendemento, estanse a facer cursos de formación, obradoiros de emprego, estase a intentar recuperar o viveiro de empresas. A maior parte dos concelleiros do goberno municipal somos xente nova, non somos alleos a que temos que atraer xente nova a Ordes. Esta moción sería máis produtiva para ver a solución que se lle da a moitos problemas que existen para que a nosa xente non perda postos de traballo. Consideran que coa lei de impulso demográfico, co observatorio demográfico, coas medidas de apoios ás familias, está suficientemente cuberto.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), coas abstencións (7 grupo político PP), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

- Instar ó Concello de Ordes a que desenvolva políticas orientadas a atraer poboación xoven ó noso municipio.
- Instar á Xunta de Galicia a que, canto antes, comece a desenvolver un plan de recuperación demográfica continuado no tempo e dotado de presuposto suficiente para paliar o grave problema demográfico que temos no noso Concello.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

Intervén, o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Existe un gran malestar entre a veciñanza do concello de Ordes polas marcas viarias establecidas en varias zonas da N550. Moita xente tiña esperanzas de que as súas demandas fosen satisfeitas co último pintado máis en moitos casos non aconteceu así.

O malestar é especialmente acusado no casco urbano do Mesón do Vento, onde practicamente non existen marcas viarias que permitan manobras de xiro á esquerda para incorporarse a estradas que entestan coa N550. E de destacar este caso xa que como dicimos, estamos a falar dun casco urbano (so existen dous no noso concello) que conta ademais cun colexio cuxos accesos entestan precisamente coa N550.

Tamén varias empresas e comercios do Mesón do Vento e de todo o concello se ven afectados por esta situación, ao igual que moitos veciños e veciñas que se ven obrigados a diario a facer traxectos alternativos incómodos e pouco racionais para chegar ou saír da súa casa.

É complicado moitas veces conxugar a seguridade e a fluidez do tráfico co benestar da veciñanza, máis cabe destacar que existen moitas zonas coa velocidade limitada a 50 qm/h e con boa visibilidade na que a priori, sería posible mellorar a situación cun repintado.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- O pleno do concello de Ordes manifesta o seu apoio á veciñanza do concello nas súas queixas e demandas sobre as marcas viarias establecidas na N550 ao seu paso polo concello de Ordes, instando ao Ministerio de Fomento a solucionar esta situación.
- O pleno do concello de Ordes insta ao alcalde de Ordes a organizar unha xuntanza da veciñanza con técnicos do Ministerio de Fomento, onde se poidan recoller as demandas da mesma e buscar unha solución de primeira man. Esta reunión celebrarase preferentemente na Nave do mercado agrario comarcal do Mesón do Vento e será anunciada con suficiente antelación na páxina web municipal e coa emisión de bandos informativos”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que apoian totalmente esta moción, a subscriben totalmente. A eles tamén lle chegaron estas queixas. No mes de xullo xa trouxeron un rogo recollendo o malestar dos veciños de Leira por



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

que se pintou a zona do Cano e de Castrelos con liñas continuas ocasionando un malestar moi grande. O seu total apoio a esta demanda. É precisa esa reunión para salvagardar os intereses dos veciños sempre que sexa posible de acordo coa norma de tráfico. Na moción dise que a reunión se celebrará na nave do mercado agrario comarcal do Mesón do Vento, ao longo do seu paso polo concello a N550 afecta a moitos outros núcleos como Santa Cruz ou incluso Ordes que se poden ver afectados por estas marcas viarias, polo que sería bo facer unha xuntanza en Ordes para centralizar o tema e que os veciños de Santa Cruz que se vexan prexudicados por esas liñas se teñan que desprazar ao Mesón do Vento.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que xa manifestaron as súas queixas cando se pintou, ela tamén como parte interesada, diante da súa casa quedou todo con liña continua. Mantivo unha reunión co Alcalde e cos técnicos co que se puido solucionar. Agora din que son moi estritos co pintado ao mudarse a normativa de estradas, en zonas onde antes se podía adiantar ou virar a esquerda ou dereita agora non se permite. Fixéronse reclamacións de puntos concretos e segue sen poder adiantarse. Son partidarios de que se faga esa reunión para ver se o poden entender. Canta máis xente sexamos pódese facer máis forza. O día da reunión foron moi taxantes pese a insistencia do Alcalde. Cando se lles pediu o pintado discontinuo de algún punto concreto dixeron que seríamos nos os responsables se hai unha morte ou accidente. Están a favor da moción, de que se faga a reunión. A N550 ao longo de todo o seu tramo en Ordes ten máis zonas continuas que discontinuas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que van a votar a favor da moción, non teñen inconvinte con que se aprrobe. Xa mantivo unha primeira reunión cos técnicos en xullo do ano pasado cando chegaron ao goberno, sabían que se ían a facer as obras, sabían que despois podían chegar os problemas coas deficiencias que os veciños poden observar na sinalización horizontal e vertical no día a día. Van por cachos, van e volven, non corríxen a sinalización vertical. É caótico como fixeron estes traballos dende que comezaron as obras de reposición do firme da N550. O problema que temos aquí, e do que todos debemos ser conscientes, independentemente de que votemos a moción, entende que os veciños están intranquilos e non lles guste a situación que se está a dar alí. Non estamos a falar dunha cuestión política, é unha cuestión técnica. Eses técnicos coa nova norma de estradas responden penalmente e eles non va a asumir ningún tipo de responsabilidade coa súa sinatura en algo que non estea avalado legalmente. Así mo fixeron saber primeiramente a min, e despois á Sra. Marín Pereiro na reunión cos técnicos. Estes días estiveron reunidos dous veciños co técnico da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia comigo, que é o que me propoñen facer. Non hai ningún problema en que no Mesón do Vento se faga igual. Son técnicos e non van manter unha reunión con cincuenta veciños aos que non lles van poder dar unha solución. Son taxantes e non teñen ningún tipo de dúbida en que alí entre unha e outra rotonda, os únicos puntos que están dispostos a analizar, pero que non se comprometen a resolver, por que necesitan os informes favorables, son a saída da Adina Vella e a saída do Seixo. Ningún tipo de negocio, nin a saída da discoteca, nin a saída do Campo da Feira, en ningún momento por que non cumpren as distancias de visibilidade e de seguridade para permitir o xiro á esquerda. En ningún, así llo dixeron de forma clara. Non ten problema en dicilo aquí, e en que dous veciños que decidan os propios veciños nos reunamos con eles na propia Demarcación de Estradas e que lles trasladen de primeira man. Os técnicos van a seguir dicindo o mesmo, que teñen unha responsabilidade penal si despois pasa algo. E a maiores está o art. 102 do Regulamento Xeral de Estradas que di que en estradas convencionais con intensidade media viaria superior aos cinco mil vehículos quedan prohibidos os xiros á esquerda, o Mesón do Vento ten trinta mil vehículos diarios de tránsito. No informe do técnico da Demarcación de Estradas só se comprometen a estudar eses dous puntos, engade que so en



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

casos excepcionais respectando as distancias de visibilidade de cruce e parada, e as mínimas condicións de seguridade vial se poden permitir dende viais de titularidade pública. Telefonicamente me insistiu nun problema cando se fixo a obra, cando se acometeu a pintura, que os veciños se molestaron bastante, pero en ningún momento accederon a facer xiros á esquerda, isto xa no ano 2006-2007-2008. Non hai problema en aprobar a moción, en que sigamos insistindo, en que dous veciños se reúna cun técnico na Demarcación de Estradas ou na Alcaldía e todo isto se lle traslade en primeira persoa, ou por escrito cunha recollida de sinatura. Pero a solución final vai a ser que quen asine é o técnico, nunca o político, e sen a sinatura do técnico se alguén sinaliza iso vai a ser o responsable penal último desa sinalización. Sabe que é un incordio para os veciños de Mesón do Vento, Leira e Santa Cruz de Montaos. Fóronse resolvendo cousa puntuais coa aplicación da excepcionalidade do art. 102.8 que contou co informe favorable dos técnicos. Mandáronse moitas peticións, de grandes empresas que están aí, que moven moitos vehículos diarios, pero que non cumpren a norma e non as aceptan. A norma e a seguridade vai a prevalecer ante todo. Se o técnico non asina non vamos a conseguir nada. Van a seguir insistindo. Non hai ningún problema en aprobar o acordo como se subscribe. É viable unha primeira reunión. Comprométese a que o técnico veña ao campo acompañado de dous veciños, non trinta, para ver os puntos concretos e que nos conteste de forma concisa e concreta. Pero adianta que o ve moi difícil. Por non dicir imposible.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que agradece o apoio de todos os grupos a esta iniciativa. A reunión cos veciños proponse na nave do mercado agrario comarcal do Mesón do Vento, por que un dos maiores problemas é no casco urbano do Mesón do Vento que é onde se aglutinan os problemas. Son conscientes de que en Leira, Guindiboo e Santa Cruz tamén hai. Por iso quere que se informe con suficiente antelación con bandos informativos en na páxina web municipal para que a xente deses lugares se decate coa suficiente antelación. Creen que os técnicos teñen que vir aquí. Aos escritos moitas veces o que se lle da é a calada por resposta. Non é operativo que cada un vaia coa súas cuestións persoais. Por parroquias deberíase establecer un listado de aquelas cousas que son imprescindibles, aqueles tres, catro puntos polos que hai que pelexar, non facer a guerra cada un polo seu lado. Se xa hai vontade de estudar a incorporación a Adina Vella e caro o Seixo e a Barcula. É necesario que o técnico veña aquí, que lle explique a problemática á xente e intentar buscar unha alternativa que sexa viable.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que quere aclarar unha cousa, o feito de que se faga a instancia, os técnicos non van a vir. Dóelle dicilo. Insistirá, pero non van a vir a poñerse diante de cincuenta ou sesenta persoas. Son técnicos. Os políticos non van poder imporlle ao técnico, por que así llo dixo o propio técnico e llo ratificou, por que ten que poñer alí a súa sinatura e responder penalmente por si alí algún día sucede algo. Está de acordo en que se lle traslade a moción e que nos contesten. Xa adianta que a solución é nomear dúas persoas e establecer unha reunión aquí, ou alá. Aínda que se envíe a moción instando a unha reunión, senón veñen non os pode obrigar. Cos veciños de Leira houbo unha reunión na alcaldía, despois o técnico foi a facer a súas comprobacións na estrada sen ter a ningún veciño enriba.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 24

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que pide que se intente, se finalmente non é posible e ten que se a través de representantes, pero polo menos intentar traer a esa persoa para que polo menos informe sobre a lexislación.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

- O pleno do concello de Ordes manifesta o seu apoio á veciñanza do concello nas súas queixas e demandas sobre as marcas viarias establecidas na N550 ao seu paso polo concello de Ordes, instando ao Ministerio de Fomento a solucionar esta situación.
- O pleno do concello de Ordes insta ao alcalde de Ordes a organizar unha xuntanza da veciñanza con técnicos do Ministerio de Fomento, onde se poidan recoller as demandas da mesma e buscar unha solución de primeira man. Esta reunión celebrarase preferentemente na Nave do mercado agrario comarcal do Mesón do Vento e será anunciada con suficiente antelación na páxina web municipal e coa emisión de bandos informativos.

### **PUNTO DÉCIMO PRIMEIRO: ROGOS E PREGUNTAS.**

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- No Campo da Feira hai un paso de peóns elevado que se atopa nunha moi mala situación de conservación e mantemento, tal e como amosan as fotos adxuntas.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes fórmúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que proceda á reparación deste paso de peóns elevado coa máxima urxencia.





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 25

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o mantemento xa se fixo con anterioridade a que se presentase este rogo, o pode comprobar. Hai máis dunha semana que se lle votou aglomerado nas zonas nas que había os buratos. Unha vez que se rematen as actuacións que se están a facer nas parroquias, vai a procederse a un repintado de todos os pasos de peóns da vila.

- As pasadas semanas abriuse o prazo para a inscrición na Escola Municipal de Música do Concello.

Por todos é coñecido que o ano pasado se levou a cabo unha renovación case total do profesorado desta Escola.

Non tendo constancia dende este Grupo Municipal de que se abraise nin o ano pasado nin este ano unha convocatoria pública para que os/as interesados/as puidesen presentar os seus méritos, estudos, ... etc.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que explique qué proceso seguiu para a selección do profesorado da Escola Municipal de Música.

Non poñen en tela de xuízo para nada a profesionalidade, nin a valía, nin bo facer dos actuais profesores.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os profesores non son persoal laboral do concello. Son autónomos, ao igual que noutros servizos municipais que se empregan contratos de servizos. Hai un mestre que xa estaba con anterioridade cun contrato laboral. Esta claro que non é o mellor mecanismo de selección de persoal para a escola municipal de música. Hai un problema, cando se inicia a matriculación e despois o día a día, hai altas e baixas, que son as que van a determinar o gastos da escola municipal de música, que está practicamente autofinanciándose. O traballar con autónomos facilita isto. Unha persoa que se da de baixa, esa media hora automaticamente deixa de cobrar o profesor na mensualidade, isto non sería posible se existise un contrato laboral. Ningún deles supera as cantidade límite do contrato menor de servizos. A intervención ten coñecemento de cómo se esta a contratar a estas persoas.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que é verdade que ten a lei que regula as escolas municipais de música, que di que teñen plena autonomía para xestionarse da mellor forma que consideren. Noutros concellos establécense bases para a selección de persoal, que sexan autónomos non quita para que se poida abrir nun futuro un proceso público para a selección, de forma que todas persoas segundo os seus méritos e capacidades poidan participar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que todos os mestres teñen acreditada a súa solvencia técnica. O máis importante o éxito que conseguiu a escola municipal de música o ano pasado, que estamos a ver coa matriculación para este novo curso. O interventor xa fixo saber que pasadas unhas anualidades haberá que regularizar esta situación e facer un proceso de libre concorrência para a selección do profesorado da escola municipal de música. Neste momento



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 26

necesitamos que funcione os nove meses que esta operativa, estanse a contratar profesionais autónomos que cumpren dende o punto de vista normativo e da actividade.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que sería positivo permitir que todas as persoas de Ordes con coñecementos musicais, como todos coñecemos a moitos, poidan presentarse a un concurso público de selección, en aras a mellorar a igualdade de oportunidades. Así o solicitarán nun futuro.

Intervén o Sr. Alcalde, que lle pide que os mande pasar polo concello para telos en conta. Remarca que non lles interesa facer contratos laborais que despois coas altas e baixas de horas supoñan un condicionante grande ou un prexuízo económico.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que esta circunstancia poderíase facer constar nas bases da convocatoria de selección. Pedir que vaian polo concello non é a forma de procede. A forma de proceder cara o futuro será facer esa selección da que falamos.

- As pasadas semanas abriuse o prazo para a inscrición no Sendeiro da Cultura e do Deporte organizado polo Concello de Ordes.

A meirande parte das actividades son moi específicas e requiren ser impartidas por profesionais na materia.

Non tendo constancia dende este Grupo Municipal de que se abra unha convocatoria pública para a contratación de monitores ou profesores para impartir ditos cursos solicitamos que se nos explique o procedemento seguido nesta selección de persoal.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que explique qué procedemento seguiu ou vai seguir para a selección de persoal que impartirá ditos cursos organizados polo Concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non se contrata ningún monitor, nin se fai ningún proceso de selección. O servizo contrátase a unha empresa.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que nun futuro poderíase facer un proceso de selección.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se vai a seguir a traballar con empresas por que estamos nunha situación similar que a anterior. Contrato menor, previa presentación de ofertas, contrátase toda a anualidade en función dos días que se dan, cun prezo por hora. Como se ven facendo dende fai moito tempo.

- Nos últimos días chegounos información a este Grupo Municipal de problemas coa auga na cociña do Colexio Castelao.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 27

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes fórmulalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos a que nos informen se teñen coñecemento deste problema. Se é así, solicitamos nos indiquen as causas do problema e a solución que se levou ou, de ser o caso, se está a levar a cabo.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que pregunta se coñece o problema por que o CEIP Castelao non lles comentou nada. Asegúralle que cando hai calquera problema o comentan. Chamaron por outros problemas, non coa auga.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que puido ser algo puntual, por que si lles chegou por algún veciño. Ao ser puntual púidose solucionar sen facer falta chamar ao concello.

- Na parroquia de Buscás, a coñecida como ponte Trillán ten un dos piares en moi malas condicións, tal e como amosan as fotos que xuntamos.

Dita situación pode provocar que, en calquera momento, se produza o derrubamento da ponte e quede inutilizada.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes fórmulalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que revise a situación na que se atopa esta ponte para tomar as medidas de reparación, conservación e mantemento que sexan precisas para evitar que siga deteriorándose e poda chegar a derrubarse.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que mandarán os técnicos para a realización dunha memoria, obterase a autorización de Augas de Galicia, para facer a actuación correspondente que resolva a situación. Non é a única ponte, hai máis que teñen deficiencias. Se houberse algún perigo estrutural cortaríase a circulación como aconteceu coa ponte de Pereira.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- O pasado 23 de agosto tivo entrada no rexistro do concello de Ordes unha petición colectiva dirixida ao alcalde e aos concelleiros e concelleiras. Parécenos especialmente grave que o alcalde pretendese ocultar esta petición veciñal e non nos remitise unha copia da mesma a pesares de estar dirixida a tódolos membros da corporación municipal.

Esta petición colectiva fai fincapé no perigo do paso de peóns existente na Rúa Alfonso Senra a altura da edificación numero 1, solicitando a instalación dun semáforo de peóns con botón no mesmo.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 28

Outra das peticións que se fai é que se dote a Policía Municipal dos medios precisos para controlar a velocidade á que acceden os vehículos á zona, que esta limitada a 50 km/h.

O día 25 de agosto, remitiuse unha contestación por parte do concello de Ordes na que se informaba de que a petición foi remitida a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, Ministerio de Fomento; máis nada se di sobre as medidas que van tomar para dotar á Policía Municipal de medios para controlar a velocidade nesa zona.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se desculpe e nos informe de cal foi o motivo de non ter remitido unha copia desta petición a tódolos concelleiros e concelleiras da corporación cando estaba dirixida a todos eles.

A que se nos traslade copia das contestacións sobre a petición de instalación dun semáforo con botón que se reciban do Ministerio de Fomento.

A que se nos informe de que medios vai dotar á Policía Local para controlar a velocidade nesa zona e cando o vai a facer.

A que se retiren as gradas existentes e sexan substituídas por outras mais seguras. Tamén débese demoler o pavimento existente baixo as mesmas para eliminar o escalón existente na zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a petición ao Ministerio de Fomento foi feita aos tres días de facer o escrito. A segunda parte é totalmente antieconómico, o radar homologado ten un custe de oitenta mil euros segundo o orzamento que lle presentou o oficial da policía local, e uns catrocentos cincuenta euros de calibración. A parte é unha vía na que non poden actuar. Cando se fan as campañas da Xefatura Provincial de Tráfico o vehículo é o que teñen a disposición para mover polos concellos, autorizando a súa instalación na N550. É necesario dispor de tres axentes, dous no vehículo e outro para multar, o cal da día de hoxe é inviable. Para que ese radar homologado poida estar en funcionamento é preciso ter policía local vinte e catro horas e que pola Xefatura Provincial de Tráfico se autorizase a controlar velocidade neste tramo da N550.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que solicita que cando chegue a contestación se lles dea traslado da mesma, así como aos demais grupos da corporación. A compra do cinemómetro polo seu custe pode ser inviable, pero hai outros mecanismos como é traer novamente ese vehículo quince días, para que controle a velocidade nesa zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que llo ofrecen cada semestre. Agora mesmo a policía local non esta a utilizalo por que nunca están tres persoas de garda. Neste momento hai dous policías locais de baixa. Ata que se poida facer un proceso de selección para aumentar o cadro de persoal da policía local é inviable a día de hoxe. Se aceptan o vehículo a policía local tería que facer un número mínimo de controis que lle pidén.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 29

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que cando se cubran esas prazas de persoal que estean vacantes, que se teña en consideración este rogo para traer ese vehículo e controlar a velocidade nesa zona.

- Estanse acometendo as obras para acondicionamento e adición dun ximnasio ao pavillón do colexio Campomaior. No pasado pleno de maio este grupo municipal preocupouse por eivas existentes no proxecto, como é a inexistencia dun sistema de ventilación para o ximnasio, o cal provocará que se reproduzan os problemas de condensación como os que existiron no ximnasio da piscina climatizada.

Levou a cabo a instalación do pavimento vinílico deportivo na pista do pavillón. Este grupo municipal no pleno de xaneiro preocupouse polas humidades que se forman na pista do pavillón Castelao II, que imposibilitan moitas veces a práctica do deporte en inverno, recibindo como resposta que non existía impermeabilización nin illamento no chan do pavillón, polo que é de supoñer que se tería en conta esta problemática antes de acometer o traballo, para que non se reproduza o problema nestas instalacións.

En referencia a este chan tamén cabe destacar que se recibiron queixas procedentes das actividades de patinaxe, xa que o pavimento non é idóneo e dificulta moito esta práctica. Ademais, como se pode ver nas fotografías que se acompañan, non é comprensible que non se rebaixase o chan na zona das gradas e que fosen retiradas as mesmas e cambiadas por outras máis seguras. Nesa zona existe un alto perigo de accidentes pola existencia de dito peldaño, pola morfoloxía das gradas con cantos vivos metálicos e pola ausencia total de protección nos piares metálicos estruturais.

Así mesmo, tal e como se pode ollar nas fotografías que se acompañan, no revestimento das fachadas con chapa metálica, non se está a aplicar ningún tipo de illamento térmico para crear unha especie de fachada transventilada. Algo tan simple como unha lan de roca cun custo de sobre 4-5 €/m<sup>2</sup>, melloraría moitísimo as condicións interiores de confort para a práctica do deporte. O momento de levalo a cabo era antes de colocar a chapa, xa que facelo despois dispara os custos.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se nos informe de que medidas se van tomar para solucionar os problemas derivados da ausencia dunha ventilación mecánica no ximnasio.

A que se nos informe de que medidas se tomaron para evitar que se reproduzan os problemas existentes de humidade e condensación no pavimento da pista deportiva do pavillón Castelao II nestas instalacións.

A que se nos informe dos motivos polos que non se tiveron en conta as peticións das actividades de patinaxe de dispor dun pavimento idóneo para a práctica do seu deporte.

A que se leve a cabo a cubrición dos piares estruturais do pavillón existentes na zona das gradas con espuma ou algo similar que reduza os riscos de sufrir lesións por impacto.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 30

A que se retiren as gradas existentes e sexan substituídas por outras máis seguras. Tamén débese demoler o pavimento existente baixo as mesmas para eliminar o escalón existente na zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a preinstalación xa esta feita. No seu día a raíz da petición que fixo analizouse o proxecto. Tratarán que na execución do proxecto poida quedar a instalación completa para permitir meter aire quente e extraer o aire interior do ximnasio. Senón de cara ao exercicio seguinte dotarase da instalación como xa se fixo na sala do ximnasio da piscina climatizada. A pista do Castelao II a día de hoxe non teñen previsto levantala, ten un sistema de movemento de aire nos laterais. Os problemas de condensación son no inverno, nesas datas a persoa encargada sabe que ten que por esa ventilación. De momento no teñen previsto facer unha actuación no pavimento que permita facer o illamento de toda a pista. No pavillón Campomaioir nunca houbo problemas de condensación na pista anteriormente formigonada. Non debería darse agora esta situación, o pavimento actual é vinílico, houbo un problema con el, posiblemente o haxa que levantar e colocar outro.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que se están a referir ao pavillón Campomaioir, para saber se efectivamente tomaron algún tipo de medida. Quizais fose máis lóxico por un rastrelado para ver se non se reproducen estes problemas no Campomaioir.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que coa pista hai un problema. Na reunión estivo o contratista, o subministrador da pista, tenente de alcalde, concelleira delegada de obras, representante do Clube Galia. A pista non cumpre a súa función, ten un pouco máis de espesor do que debería ter. A partir dun determinado peso das patinadoras quédanse clavadas. Xa se trasladou, reflectiu no libro de incidencias da dirección da obra. Senón o resolven de inmediato van a ter que proceder ao levantamento de outro pavimento, pondo un axeitado para patinaxe. Que foi o que se lle trasladou ao contratista e empresa subministradora do pavimento. Espera que estea resolto de inmediato. O graderío de momento non se vai a cambiar, vai a colocarse unha varanda de protección en todo ese tramo que vai a solucionar o problema. Máis adiante tratarase de por unhas gradas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pregunta pola fachada. A veces instalando un pequeno illamento conséguese un maior confort, cun aforro enerxético na edificación. Os custes son mínimos, catro ou cinco euros/m<sup>2</sup>.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o recubrimento é da fachada sur que era a que considerábase que había que protexer. Fíxose un pequeno tramo polo oeste, o pavillón esta un pouco xirado e decidiuse protexer ata esa esquiña con minionda. Non se tivo en conta, montouse a estrutura. O illamento térmico nunca sería de toda a envolvente do edificio, por que se esta a traballar sobre un quince ou dezaseis por cento da totalidade do perímetro da edificación.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pide que se teña en conta para futuras intervencións. Foi unha mágoa non poñelo agora, aínda que non fose integral da envolvente, podería ter ese cacho solucionado para que nun futuro cando se rematasen o resto das fachadas ter unha parte. Ao igual que a cuberta que esta con panel sandwich illado, tamén se poderían ter nesta ocasión as fachadas.



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 31

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a baixa nesta obra foi importante, dun vinte e cinco por cento, pero non conseguiron que a Deputación da Coruña nos reintegrase esa parte do vinte e cinco por cento. Pídelle a BNG e PSOE para que na medida do posible se nos reintegren eses trinta e sete mil euros de subvención nominativa que inicialmente se lles concedeu. Xa llo trasladaron ao Presidente da Deputación Provincial e concelleiro de Oroso que tamén é deputado provincial. Non lles deron aínda resposta, houbo que facer un esforzo importante. A cuberta vaise a cincuenta e tres mil euros, máis o que houbo que suplementar da estrutura para coincidir co ximnasio. Se conseguimos que se nos reintegren eses trinta e sete mil euros de subvención nominativa poderían intentar facer os graderíos e incluso intentar acabar os vestiarios dos que queda pendente a fontanería exclusivamente. Tamén lles fai esa petición.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que a mágoa é por que non se fixeron as cousas ben. Non sabe se viña recollido no proxecto inicial sobre o que se pediu a subvención.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non estaba previsto inicialmente facer a cuberta. Coa baixa decidiron tamén facer a cuberta, pero contaban con que a Deputación nos permitise aproveitar a baixa que correspondía á súa subvención nominativa o cal no fixo a día de hoxe. A subvención nominativa era exclusivamente de cento cincuenta mil euros que foi o que no seu día comprometeu o anterior Presidente da Deputación Provincial.

Intervén a Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No acceso á antiga escola da Lanza en Vilamaior, existe no medio do cruce un poste de tendido eléctrico que carece de lóxica e sentido común.

Arrimado ao poste tamén se atopa no medio da vía un contedor de residuos orgánicos.

Na súa condición de representante municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A levar a cabo os trámites necesarios coa distribuidora eléctrica e coas persoas propietarias dos terreos que linda coa estrada para sacar o poste e o contedor do medio da vía.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que farán a petición, unha vez máis, para ver se é viable.

- Na parroquia de Lesta, na zona que se indica na ilustración que se adxunta, existe un vertedoiro incontrolado no que se acumulan dende restos de madeira ata un conxelador. Dito depósito de residuos atópase á beira do rego de Reboredo, cun importante risco de contaminación das augas deste afluente do Lengüelle.

Na súa condición de representante municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 32

Se proceda á retirada dos refugallos o máis axiña posible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que dende a Asociación de Cazadores lles deron unha listaxe de varios puntos. É importante que cando teñan os vertedoiros localizados nos deán as coordenadas UTM ou xeodésicas para facilitar o traballo. Na fotografía non se ve ben. Os puntos que deu a Asociación de Cazadores xa se lles deu traslado á empresa.

- No Paraíso, logo do asfaltado da estrada da Pontecarreira, non se pintaron os pasos de peóns da zona.

Unha vez comezado o curso escolar, é urxente o seu repintado para evitar as situacións de perigo á entrada e saída dos colexios así como do tránsito dos veciños da zona.

Na súa condición de representante municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se proceda ó repintado urxente dos pasos de peóns na zona do Paraíso.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que sinala que xa foi solicitado en varias ocasións. Non nos fan caso. Tamén se lles trasladou o mal estado do asfaltado.

Intervén o Sr. Carneiro Veiras, que sinala que sería bo mandar á policía local ás entradas e saídas dos colexios.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a policía local se esta regulando o tránsito dos buses no CEIP Campomaior ou CEIP Castelao, non pode estar nos pasos de peóns. Gustaríalle ter máis persoal na policía local. É lamentable que despois dun mes e terlle insistido en cinco ocasións ao deputado provincial e ao vixiante da zona que sigamos con esta situación así. Que houberen pintado na rúa Rosalía de Castro un paso de peóns, a metade antes das festas patronais e sega a outra metade sen pintar. Xa se lle insistiu en varias ocasións. Comprométese a falar mañá co vixiante e se é necesario co deputado e o Presidente. A chamar unha vez máis. Pero xa se fixo en máis dunha ocasión e seguimos sen solución.

- No paseo Ramiro Recouso Liste, na segunda ponte, só existe barandilla por un dos lados, polo que dende o BNG consideramos importante a colocación de elementos de protección a ambos lados para evitar a caída das persoas.

Na súa condición de representante municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se proceda á instalación dun elemento de protección polo outro lado da ponte.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se adoptará a medida de seguridade necesaria.





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 33

- En Pereira existe unha masa común nas proximidades da ponte Pereira, que podería empregarse para configurar unha área recreativa para o desfrute dos veciños.

A masa común atópase nun entorno de grande valor histórico e paisaxísticos, xa que está á beira do Camiño Inglés, ó lado da Ponte Vella e moi cerca dun dos poucos bens que está considerado como BIC no concello de Ordes: o coñecido como hórreo de Vello ou a igrexa de Pereira entre outros.

Dende o BNG consideramos que debe de poñerse en valor toda esta riqueza patrimonial e paisaxística, para que sirva como motor de xeración de riqueza na parroquia de Pereira.

Na súa condición de representante municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se proceda á plantación de árbores autóctonas e adaptadas ó entorno da ponte Pereira como primeiro paso de cara a configurar nun futuro un espazo de recreo e esparcemento para os veciños.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esa solicitude de cesión desa finca esta feita dende o 15 de febreiro de 2011. A día de hoxe como a concentración non é firme non poden facer uso da parcela, nin ningún tipo de aproveitamento, ata que se dea traslado da titularidade municipal desta masa común. Coincide coa petición, non é viable neste momento. Hai que esperar un par de anos.

Por último, polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula a pregunta seguinte:

- En novembro do ano pasado propuxemos desde o BNG de Ordes levar a cabo un concurso de ideas para a remodelación do parque Félix Rodríguez de la Fuente e a súa contorna. Finalmente levouse a cabo unha consulta veciñal para recoller propostas.

A pesares de pasar varios meses desde que rematou dita consulta e malia existir varias propostas, o goberno municipal non convocou ningunha xuntanza para tratar o asunto.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde a seguinte pregunta:

Cando se vai unha xuntanza para proceder á análise das propostas presentadas?.



## **CONCELLO DE ORDES**

---

**(A CORUÑA)**

**FOLLA N° 34**

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a farán antes de que remate o ano, quere que estea presente o técnico redactor do PXOM, para que informe sobre a viabilidade das propostas. Unha vez que haxa acordo farase un anteproxecto da actuación e valoración da mesma para dotar o orzamento nos vindeiros exercicios para a reforma integral da zona dos parques.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e dúas horas e trinta e sete minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**